



**PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON  
MATERIAS PENDENTES**

**CURSO 2023-2024**

**1. MATERIA: EDUCACIÓN EN VALORES ÉTICOS E CÍVICOS**

**CURSO: 3º ESO**

**2. INFORMACIÓN RELEVANTE SOBRE A MATERIA PENDENTE:**

Tendo en conta que esta materia ten unha carga lectiva dunha hora semanal e atendendo tamén á especificidade da mesma en relación aos seus contidos, que implican un acto reflexivo contextualizado no ámbito da filosofía práctica, o departamento estima apropiado que o plan de reforzo e recuperación se atope baseado na entrega de tarefas ou actividades.

**3. CURRÍCULO A DESENVOLVER:**

O correspondente á materia de Educación en Valores éticos e cívicos de 3º ESO.

**4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

O alumnado que teña a materia de Educación en valores éticos e cívicos pendente, terá que realizar a entrega de diferentes actividades ou tarefas en cada unha das avaliacións. Isto terá que facelo concretamente nas datas sinaladas no apartado 7 relativo á temporalización das tarefas.

Cada entrega constituirá o 100% da nota de cada avaliación parcial (en total tres). No caso de suspender algunha avaliación parcial, o alumnado poderá optar a recuperar esa parte entregando as actividades ou tarefas que teña pendentes de aprobar no mes de maio (a data concreta tamén se especifica no apartado 7).

A cualificación da avaliación final ordinaria será a media das notas de cada avaliación parcial. No caso de que nalgunha de ditas avaliacións o estudante tivera optado a recuperación, sempre se escollerá, á hora de calcular a media, aquela nota que máis favoreza ao alumnado (sexo esta a da avaliación parcial ou a da recuperación).

**5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS A DESENVOLVER:**

- Aprendizaxe significativa, partindo dos coñecementos previos do alumnado fomentar a capacidade de aprender a aprender e establecer relacións directas entre a materia e a súa realidade.
- Investigación e aprendizaxe autónoma desenvolvendo cuestións relativas aos contidos.



- Uso da argumentación e pensamento crítico, establecendo relacións de aspectos teóricos coa vida cotiá.

#### 6. RECURSOS:

Libro de texto, apuntamentos, actividades, posibilidade de empregar aula virtual... Ademais o departamento poderá facilitar calquera outro recurso, se así o que precisara o alumnado.

#### 7. TAREFAS A REALIZAR E TEMPORIZACIÓN DAS MESMAS:

O profesorado responsable do seguimento do alumnado da materia pendente fará entrega das **actividades ou tarefas** correspondentes a todas as avaliacións ao longo do primeiro mes de curso aproximadamente. **As datas de entrega das mesmas serán as seguintes: 6 de novembro, 5 de febreiro e 8 de abril.**

**Aqueles que teñan suspenso algunha avaliación parcial, poderán optar a recuperar calquera parte entregando as actividades ou tarefas que teña pendentes de aprobar o 6 de maio.**

#### 8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN:

Ao longo de todo o curso o profesorado que se atope encargado do estudante levará un seguimento da súa evolución, aclarándolle as dúbidas pertinentes e, en definitiva, levando o control correspondente.

No caso de que o alumnado no curso actual non se atope matriculado en ningunha materia do departamento de filosofía, será a xefa de departamento a encargada de realizar o seguimento.



**1. MATERIA:** Filosofía

**CURSO:** 1º BACHARELATO

**2. INFORMACIÓN RELEVANTE SOBRE A MATERIA PENDENTE:**

A presente materia debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo e para aplicar os métodos apropiados de análise de texto, definición e precisión conceptual e, ademais, debe promover o desenvolvemento do pensamento crítico e a argumentación. O dito tense en conta á hora de elaborar o plan de reforzo e recuperación de materias pendentes.

**3. CURRÍCULO A DESENVOLVER:**

O correspondente á materia de Filosofía do 1º curso de Bacharelato.

**4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

O alumnado que teña a materia de Filosofía de 1º BAC pendente, terá que realizar a entrega de diferentes actividades ou tarefas en cada unha das avaliacións. Isto terá que facelo concretamente nas datas sinaladas no apartado 7 relativo á temporalización das tarefas.

Cada entrega constituirá o 100% da nota de cada avaliación parcial (en total tres). No caso de suspender unha ou dúas avaliacións parciais, o alumnado poderá optar a recuperar esa parte entregando as actividades ou tarefas que teña pendentes de aprobar. Así mesmo, aqueles que teñan as tres avaliacións parciais suspensas terán que realizar unha proba global. A data concreta para entregar as actividades ou realizar o exame global tamén se especifica no apartado 7.

Se o estudante non tivo que ir á proba global, a cualificación da avaliación final ordinaria será a media das notas de cada avaliación parcial. No caso de que algunha de ditas avaliacións o estudante tivera optado a recuperación, sempre se escollerá, á hora de calcular a media, aquela nota que máis favoreza ao alumnado (sexo esta a da avaliación parcial ou a da recuperación). Se o estudante tivo que ir ao exame global a cualificación constituirá o 100% da nota de dita proba.

Aquel alumnado que teña que presentarse á avaliación extraordinaria terá que realizar unha proba global da materia que constituirá o 100% da cualificación.

**5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS A DESENVOLVER:**

Preséntanse os criterios metodolóxicos seguintes:

- Adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades que



están en concordancia coas capacidades intelectuais propias da etapa.

- Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Motivación: procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

#### 6. RECURSOS:

Libro de texto, apuntamentos, actividades, posibilidade de empregar aula virtual... Ademais o departamento poderá facilitar calquera outro recurso, se así o que precisara o alumnado.

#### 7. TAREFAS A REALIZAR E TEMPORIZACIÓN DAS MESMAS:

O profesorado a cargo do seguimento do alumnado da materia pendente fará entrega das **actividades ou tarefas** correspondentes a todas as avaliacións ao longo do primeiro mes de curso aproximadamente. As datas de entrega das mesmas serán as seguintes: **17 de novembro, 16 de febreiro e 12 de abril.**

**Aqueles que teñan suspensa algunha avaliación parcial, poderán optar a recuperar calquera parte entregando as actividades ou tarefas que teñan pendentes de aprobar o 26 de abril. Así mesmo, o alumnado que teña todas as avaliacións parciais suspensas terá que presentarse a unha proba global que será ese mesmo día, 26 de abril ás 12:50 h.**

#### 8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN:

Ao longo de todo o curso o profesorado que se atope encargado do estudante levará un seguimento da súa evolución, aclarándolle as dúbidas pertinentes e, en definitiva, levando o control correspondente.

No caso de que o alumnado no curso actual non se atope matriculado en ningunha materia do departamento de filosofía, será a xefa de departamento a encargada de realizar o seguimento.